



D^a. MERCEDES GONZALEZ BUDIÑO, Secretario do Concello de CAMPO LAMEIRO-PONTEVEDRA.-

CERTIFICO

Que en sesión *ordinaria* do Pleno con data TRES DE XULLO DO DOUS MIL DEZASETE, coa asistencia de OITO membros da Corporación, entre outros adoptouse o Acordo do tenor literal seguinte:

APROBACIÓN CONTA XERAL 2016.-

«Vista a Conta Xeral do exercicio 2016, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto o informe de Intervención emitido sobre ela, e o Ditame desta Comisión emitido con data TRINTA DE XUÑO DO DOUS MIL DEZASETE.

Visto que a mesma expúxose ao público para que puidesen presentarse reclamacións, reparos ou observacións (BOP DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA Nº 111 DE DATA 10-06-2016 E TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO), E QUE DURANTE O PRAZO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO NON SE PRESENTARON RECLAMACIÓNS, REPAROS OU OBSERVACIÓNS Á MESMA, SEGUNDO CONSTA NA CERTIFICACIÓN DE SECRETARIA DE DATA 18-07-2016.--

Visto o informe da Comisión Especial de Contas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, adopta por UNANIMIDADE DOS MEMBROS PRESENTES, cos votos favorables dos Srs. Julio Sayáns Bugallo, Carlos Costa Dominguez, María José Viña Mourín, Alberto Maquieira Fernández, María Nieves Boullosa Ferrin, Silvia Laredo Quinteiro, Paz Vidal Fontenla, Adrián Vidal Fontenla, o seguinte.:

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2016.

SEGUNDO. Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que





CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo».

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expídese a presente en CAMPO LAMEIRO, a sete de xullo do 2017.

V.º B.º
O Alcalde,

Asdo.: Julio Sayáns Bugallo



O Secretario,

Asdo.: Mercedes González Budiño